

VI CONCURSO SERÁN DAS LETRAS

DEBUXO

RELATO CURTO

POESÍA



Letras Galegas 2021

DEDICADO A
XELA ARIAS
EDITORA, TRADUTORA, POETA

Organiza:



san campio
ASOCIACIÓN CULTURAL

Colabora:



Transportes
OLIMPIO

BASES DO VI CONCURSO SERÁN DAS LETRAS/2021

1. Establécense as seguintes categorías:
 - **CATEGORÍA A**- de 3 a 6 anos: Debuxo
 - **CATEGORÍA B**- de 7 a 9 anos: Relato curto ou poesía
 - **CATEGORÍA C**- de 10 a 13 anos: Relato curto e poesía
 - **CATEGORÍA D**- de 14 a 18 anos: Relato curto e poesía
 - **CATEGORÍA E**- + de 18 anos: Relato curto e poesía
2. Cada autor/a só poderá presentar un só relato, poesía ou debuxo.
3. Os **debuxos** entregados terán como temática “**as lembranzas dos nosos avós**”, referentes a contos, lendas, historias, supersticións, remedios caseiros e vivencias transmitidas polos nosos devanceiros, e reunirán as seguintes condicións:
 - O tamaño do debuxo é libre e a técnica utilizada tamén.
 - Ten que ser realizado enteiramente polo neno/a.
4. A **poesía ou o relato** presentado deberá reunir as seguintes condicións:
 - Estará escrito en lingua galega.
 - A temática será libre pero deberá facer referencia “**ás lembranzas dos nosos avós**”, incluíndo dita lembranza no relato ou poesía e que fora transmitida de forma oral; exemplo: contos dos vellos que poden ou non ser certos (non beber auga co “polbo”), lendas, historias...etc.
 - Deberá ser inédito, incluída a súa publicación na Internet.
 - A súa extensión **non excederá dun folio polas dúas caras** e poderá estar escrito a ordenador ou a man, con letra lexible. En caso de presentarse escrito a ordenador farase coa fonte de texto Arial, no corpo de 12 puntos e marxes normais, os que adxudica Word por defecto.
5. Os relatos poderán entregarse nos seguintes sitios:
 - No departamento de Cultura do Concello de Vedra.
 - Nas conserxerías dos centros educativos (CPI Plurilingüe de Vedra, CEIP Ortigueira), ou nas mesmas escolas unitarias.
6. O prazo de recepción dos debuxos ,relatos e poesías finalizará o **día 21 de maio de 2021**.

7. Entregaranse sen asinar dentro dun sobre grande indicando a categoría na que participa e no mesmo sobre introducirase outro máis pequeno cos seguintes datos persoais da persoa participante: *Nome, apelidos, data de nacemento, correo electrónico e teléfono de contacto*. No caso dos debuxos que sobre pasen o formato A4 non é necesario que se entreguen dentro do sobre grande, pero si virá acompañado do sobre pequeno cos datos.

8. Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

- **CATEGORÍA A-** de 3 a 6 anos: Debuxo
 - 1º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
 - 2º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
 - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 10€
- **CATEGORÍA B-** de 7 a 9 anos: Relato curto ou poesía
 - 1º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
 - 2º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
 - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 10€
- **CATEGORÍA C-** de 10 a 13 anos: Relato curto e poesía
 - 1º PREMIO:** Lote de libros+ vale 40€
 - 2º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
 - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
- **CATEGORÍA D-** de 14 a 18 anos: Relato curto e poesía
 - 1º PREMIO:** Lote de libros+ vale 40€
 - 2º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
 - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
- **CATEGORÍA E-** + de 18 anos: Relato curto e poesía
 - 1º PREMIO:** Lote de libros + vale 50€
 - 2º PREMIO:** Lote de libros + vale 40€
 - 3º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€

• **Todos/as os/as participantes das categorías A e B levarán un agasallo pola súa participación.**

9. O xurado estará formado por persoas relacionadas co ámbito educativo e cultural do noso concello sendo o seu fallo inapelable.

Ningún dos membros do xurado poderá participar neste concurso.

10. O fallo do xurado farase público o venres 28 de maio a través das redes sociais da asociación e do concello, así mesmo, comunicaráselle ás persoas gañadoras de cada categoría.

11. A entrega dos premios realizarase o 29 de maio de 2021 en horario de tarde na Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón,

convocando por categorías ás persoas gañadoras. Contaremos con protocolo COVID.

12. Calquera dos premios poderá quedar deserto

13. A participación neste Concurso implica a aceptación e o cumprimento de todas e cada unha das súas bases.